

## PLANO MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

O 17 de abril de 1999 tódolos estados membros da Unión Europea asinaron a Declaración de París que baixo o epígrafe de PARIDADE, sinala os obxectivos: “a participación equilibrada de homes e mulleres nas tomas de decisións é necesaria na construción dunha Europa forte politicamente, dinámica e máis solidaria e constitúe un factor de coesión social que responde á esixencia da cidadanía. Para isto, as administracións e as institucións, entre outros, comprométense a adoptar e promove-las medidas máis axeitadas para lograr unha verdadeira igualdade de oportunidades”.

Por iso, existe a CONCELLERÍA DA MULLER, que debe traballar a prol de que, no territorio de Compostela, ningunha muller que viva unha situación de discriminación se sinta desamparada ou desasistida. Os dereitos recoñecidos na lexislación deben poder exercerse en todos e cada un dos ámbitos da vida individual e colectiva.

A existencia dun programa marco ou Plano de Igualdade de Oportunidades da Muller, asumido institucionalmente é un elemento imprescindible na configuración dunha política global para a muller a nivel local.

O plano debe considerarse tamén como unha ferramenta metodolóxica que deberá ser avaliábel tanto cuantitativamente coma cualitativamente.

Os *obxectivos* que pretende acadar este plano de igualdade son os seguintes:

- ❑ Eliminar todo tipo de discriminación sobor das mulleres e calqueira modo de violencia por razón de xénero.
- ❑ Incrementa-lo nivel de *participación social* das mulleres e fomenta-la corresponsabilidade dos dous sexos nos ámbitos público e privado.

- Propicia-lo *acceso das mulleres ós distintos ámbitos da cultura* e á adquisición de maiores niveis de formación e o recoñecemento das contribucións culturais femininas.
- Impulsa-la *coeducación e a progresiva eliminación do sexismo* na escola, así como a segregación por razóns do sexo na elección de estudos e profesións.
- Conquerir unha maior *capacitación laboral* e a progresiva incorporación ou reincorporación das mulleres ó mercado de traballo nas mellores condicións posibles.
- Incrementa-la *calidade de vida das mulleres* por medio da promoción da súa autoestima, da súa saúde e do axuste dos servizos ás súas necesidades.
- Fomenta-la participación nas tomas de decisión urbanísticas e do espazo para *favorece-lo uso e acceso das mulleres á configuración da estrutura urbana e dos seus servizos* (transporte, espazos públicos culturais e deportivos, espazos de lecer, vivenda, etc.)
- Contemplan *medidas de igualdade que solucionen as problemáticas novas de feminización da pobreza*: mulleres indixentes, familias monoparentais, etc.
- *Analiza-las situacións diferenciadas das mulleres novas e das mulleres de máis idade* como problemáticas específicas dentro do ámbito feminino, en temáticas laborais, de saúde, soidade, etc.
- *Fomentar e impulsa-la responsabilidade masculina nos ámbitos do traballo doméstico e outros*, como medio de reparto de cargas e de políticas reais de igualdade.

- Será vontade desta concellería, en base ó desenvolvemento urbanístico e á obtención de patrimonio municipal, *pór en servizo unha casa de mulleres*, como espazo de traballo, creatividade e de convivencia no ámbito de Compostela.

Liñas básicas de actuación no Plano Municipal de Igualdade:

Propóñense as seguintes áreas de intervención e liñas de actuación básicas:

- Saúde
- Cultura
- Educación
- Formación e emprego
- Reforzo social
- Urbanismo.
- Promoción e participación social.
- Deporte

### SAÚDE

Non existen competencias municipais en atención sanitaria. Os ámbitos de actuación dende a administración local o constitúen os aspectos informativos, educativos e preventivos con relación á saúde.

- Programas de educación sexual para xoves e facilitarles ó acceso ós centros de planificación familiar.
- Programas de educación sexual para mulleres adultas; promover hábitos sexuais saudables e satisfactorios para a muller que contribúan ó coñecemento do seu corpo, mellorando a autoestima e a satisfacción persoal.
- Campañas de información e prevención do cancro xenital e de mama.
- Atención e prevención dos trastornos da menopausia.

- Atención ós problemas de saúde laboral derivados da inserción laboral precaria.
- Programas de educación para o consumo e hábitos saudables.
- Atención ós problemas educativos e sanitarios das mulleres en situación de marxinalidade social (prostitutas, presidiarias).
- Propicia-lo autocoñecemento e a autoestima das mulleres.
- Programas de prevención e atención en relación á saúde mental das mulleres.
- Programas específicos para adolescentes nos casos de anorexia e bulimia.
- Colaboración coas administracións responsables dos servicios de saúde para facilitar e favorece-lo uso dos mesmos polas mulleres.
- Talleres informativos sobre sexualidade feminina dirixidos a mulleres e profesionais.
- Apoiar campañas preventivas sobre infeccións de transmisión sexual, facendo especial fincapé na SIDA.

É importante ó coñecemento do estado de saúde da muller e da información veraz e da imaxe da muller que se ofrece a través dos medios de comunicación.

### **REFORZO SOCIAL**

Debe darse unha intervención comunitaria/promocional e non asistencial.

- A programación de SS.SS. debe ter en conta as necesidades propias das mulleres.
- Potenciaranse os servicios de apoio ás mulleres (bolsas de comedor, garderías, residencias de terceira idade).
- Potenciarase a participación das mulleres na vida comunitaria.
- As incidencias das familias monoparentais teranse en conta nos baremos das prestacións e servicios xerais.
- Desenvolveranse programas de prevención e reinserción social cara ás mulleres en situación de marxinalidade social.
- Dotar de recursos de apoio á casa de acollida para mulleres maltratadas.
- Será obxectivo prioritario da concellería nesta lexislatura poñer en servizo, alomenos, unha gardería pública-municipal tramo 0-3, con servizo de 24 horas.

- Estableceranse convenios con institucións e entidades que dipoñen de servizos de canguros para facilitarlles ás mulleres o acceso ós mesmos durante o día e a noite.
- Estudos das demandas de servizos e recursos por parte da poboación feminina compostelana nos servizos sociais.
- Coordinación entre os servizos sociais de atención primaria cos servizos especializados da muller e co tecido asociativo de mulleres.

## **CULTURA**

Nesta área ten competencias o municipio.

- Fomentar e facilita-la participación das mulleres en actividades culturais, educación para a cultura. Achega-la cultura ás mulleres.
- Potencia-lo papel da muller como transmisora de cultura popular ó mesmo tempo que se dá unha apertura a novas experiencias e medios culturais.
- Potenciarase na muller o hábito da lectura.
- Farase chegar á cultura a espazos tradicionalmente femininos, adecuando os horarios e articulando mecanismos de apoio.
- Potencia-la cultura feita por mulleres e sobre mulleres. Mante-la convocatoria anual do premio Xohana Torres, co compromiso de publicación do traballado premiado.
- Fomento da creación de bibliotecas especializadas na temática de mulleres.
- Contribuír á eliminación de esteriotipos sexistas, trasmitindo unha imaxe axeitada da muller.
- Ter en conta a dificultade engadida das mulleres de zonas rurais respecto ás actividades culturais (diminuí-lo estrañamento en estos sitios respecto á cultura).
- Fomenta-la creatividade dos novos soportes culturais das mulleres máis novas no ámbito audiovisual, música, expresión corporal, etc.
- Sendo Santiago unha cidade definida en grande parte polo su valor cultural, esta cultura producida ten que contempla-la feita polas mulleres tanto na memoria histórica como na creatividade de actualidade.

## **EDUCACIÓN**

A nivel local hai competencias moi limitadas, protagonismo nas actividades extraescolares e da educación de adultos/as.

### ENSINANZA REGRADA:

- Coeducación real. En colaboración co departamento municipal de educación, poñeranse en marcha programas coeducativos nos distintos centros de ensino a través da elaboración de unidades didácticas, difusión e distribución das mesmas e preparación do profesorado (posibilita-lo coñecemento de materiais existentes para tal fin, como de recursos e estratexias para desenvolver nas aulas).
- Sensibilización, colaboración e oferta de recursos e servicios para membros da comunidade escolar en educación non sexista.
- Oferta de cursos que permitan a obtención da titulación contemplada nos planos de estudos para as mulleres.
- Colaboración coa Axencia de Desenvolvemento Local e coa Escola Taller para promover unha formación específica para mulleres.

### ENSINANZA NON REGRADA:

- Erradica-lo analfabetismo funcional da poboación feminina adulta e favorece-la súa plena integración e o desenvolvemento da súa capacitación mediante formación permanente.
- Diseñar programas de formación integral de adultas (potencia-lo autoconhecimento e o recoñecemento dos seus propios valores como mulleres).
- Prevención, sensibilización e intervención social no tema da violencia de xénero, con campañas específicas dirixidas ós centros de ensino e ó movemento asociativo. A concellería integrarase con tódalas aportacións programáticas necesarias no programa Daphne convocado pola Comisión europea; para a execución destes programas será imprescindible a participación do comunidade escolar e a comunidade asociativa.

- Campañas específicas de lectura, habilidades manuais, etc, para mulleres de idade con síntomas de alzheimer, demencia, etc, en colaboración con servicios sanitarios e sociais de base.
- Colaboración mediante convenios coa Universidade de Santiago de Compostela en tódolos planos de estudos (cátedras, cursos de verán, postgraou, etc, relativos á temática de xénero).

### **FORMACION OCUPACIONAL E EMPREGO**

Os municipios non teñen competencias explícitas neste ámbito.

- Desenvolvemento dunha política de formación ocupacional e emprego específica, en temáticas, horarios e necesidade do mercado laboral para as mulleres.
- Para ás mulleres xoves: orientación profesional que favoreza a desaparición da segregación sectorial que caracteriza ó emprego da muller, potenciando a elección de oficios e profesións non tradicionalmente femininos.
- Favorecerase a inserción laboral de mulleres paradas de longa duración.
- Prestación de servicios de apoio ás actuacións en materia de emprego e formación para mulleres.
- Política activa de apoio ás mulleres empresarias, na búsqueda de recursos para a formación de empresas .
- Política de emprego para mulleres, familias monoparentais (evita-la feminización da pobreza).
- Oferta de formación permanente en novas tecnoloxías para mellora-la súa capacitación e inserción no mercado laboral e a promoción e mellora do emprego.
- Difusión e divulgación de tódolos recursos de formación existentes no término municipal.
- Potenciar e promociona-lo autoemprego das mulleres, tendo en conta as opcións existentes na actualidade: traballo por conta propia, cooperativismo, etc.
- Profesionalización e mellora das condicións laborais das mulleres que traballan no servizo doméstico.

- Apoio, fomento e dignificación das actividades agrogandeiras exercidas polas mulleres e formación específica nas novas áreas vinculadas ó potenciamento do mundo rural (turismo rural, artesanía, agricultura vinculada á terra con carácter ecolóxico, etc.)

### **URBANISMO**

Os municipios deben crear un hábitat que contribúa a unha maior calidade de vida, de homes e mulleres, facilitando ó acceso a tódolos servizos locais e favorecendo unha maior participación cidadá na vida comunitaria.

- Sendo o espazo urbano maioritariamente usado por mulleres, cómpre adaptar este espazo ás súas necesidades contemplando a visión de xénero no planeamento e nas xestións urbanísticas.
- Elimina-las barreiras arquitectónicas.
- Descentralizar servizos e equipamentos nos que os seus usuarios sexan mulleres.
- Propicia-lo encontro entre mulleres, facilitando espazos.
- Potenciar e facilita-la participación de tódolos colectivos de mulleres no deseño de planos de ordenación urbana.
- Contemplan na política de vivenda as novas situacións familiares, especificamente as familias monoparentais.
- Desenvolvemento do transporte público para que teña un carácter de servizo tanto en horarios amplios que contemplan as necesidades derivadas dos horarios laborais como en frecuencias, sinalando especificamente as necesidades derivadas das características xeográficas de Compostela, dispersión da poboación e usuarios cautivos, maioritariamente mulleres.
- Na baremación de acceso ás vivendas públicas instaranse reformas que contemplan a posibilidade de inclusión da especificidade das familias constituídas por mulleres.



## **PROMOCIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL**

- Conqueri-lo fomento do asociacionismo de mulleres e a súa participación activa en tódalas tomas de decisión.
- O criterio de paridade no ámbito público será traballo prioritario do Consello Municipal da Muller de Compostela.
- Mante-la participación social dos colectivos e organizacións que traballan no ámbito da muller a través dun órgano estable.
- Apoiar tecnicamente ós colectivos da muller na loita pola igualdade de oportunidades.
- Sensibilizar a toda a sociedade sobre a desigualdade baseada no xénero con campañas e organización de actos culturais...
- Potencia-la presenza das mulleres nos consellos municipais de participación cidadá.
- Elaboración dunha guía de recursos que inclúa obxectivos, programación... dos distintos colectivos e asociacións de mulleres, que proporcione información á poboación en xeral sobre o tecido asociativo de mulleres en Santiago, facilitando ó mesmo tempo a intercomunicación entre todas elas.

## **DEPORTE**

- Traballo activo coas mulleres para a súa participación na práctica deportiva tanto de base como de competición.
- Fomento do deporte segundo os tramos de idade para conquistar hábitos saudables.
- Colaboración coa área de deportes municipal para a oferta de programas específicos dirixidos ás mulleres de carácter permanente, que contemplan tamén a especificidade de horarios.